

opusdei.org

Na festa do beato Álvaro, ti pos o menú

Ao redor da primeira celebración da festa do Beato Álvaro del Portillo, o 12 de maio, tivo lugar unha recollida de alimentos en máis de 20 cidades españolas.

18-05-2015

A pegada de solidariedade deixada por Álvaro do Portillo continúa inspirando a cantos van coñecendo ao novo beato. Por iso, ao redor da

primeira celebración da súa festa, o pasado 12 de maio, tivo lugar unha recollida de alimentos en máis de 20 cidades españolas, a beneficio de distintas entidades locais -Cáritas, Bancos de Alimentos, comedores sociais ou barriadas de grandes cidades- e, nalgúns casos, para os damnificados do terremoto en Nepal ou a Igrexa en Cuba.

Unha iniciativa espontánea que nacía con poucas pretensións por ser a súa primeira edición pero que, a día de hoxe, xa conseguiu superar os 4.000 quilos de comida e 2.000 litros de leite recadados. Nalgúns sitios, a recollida durará todo o mes de maio.

Katu Martínez-Iturbe asistiu á beatificación, en Valdebebas, o pasado 27 de setembro, cun grupo de amigos. Entre todos, organizaron a recollida de alimentos en varios supermercados e colexios de **Vigo**: "Despois de ver o impacto que a vida

de Álvaro tivo en tantas persoas de todo o mundo, propuxémonos celebrar a súa festa, ademais de con unha Misa especial, pondo en marcha algunha iniciativa que axudase de maneira práctica ás persoas que temos máis preto"

A través da páxina de Facebook "Álvaro do Portillo", os interesados poden localizar o punto de recollida máis próximo -supermercados, colexios, parroquias e, mesmo, campus universitarios- ou ofrecerse para colaborar doutra maneira.

Este foi o caso de Óscar que, a través das redes sociais, ofreceuse para atender un dos puntos de recollida, nun supermercado da súa cidade, durante un día enteiro. Aínda que el non coñecía moito o labor do Opus Dei pareceulle unha acción solidaria na que merecía a pena deixar o seu granito de area.

Ou o mozo de 18 anos que entrou nun establecemento para comprarse unha lata de Coca-Cola e engadiu á súa lista 5 quilos de comida, para sorpresa dos empregados, que non están afeitos a tanta xenerosidade espontánea. E como el, non foron poucos os que engadiron un cesto máis á súa compra habitual, para deixalo íntegro nos carros que colocaron os coordinadores da recollida.

Ante tanta magnanimidade, os máis impactados son os propios voluntarios. Un deles contaba "vin colaborar a todo tipo de xente; unha persoa que sei que está en paro comprou 3 quilos de alimentos". A acción move á acción; por iso, nesa mesma cidade, dous voluntarios acababan a súa quenda pasando pola caixa con dous carros enteiros, un de leite e outro de comida.

Así é como o exemplo de Álvaro calou na vida de moitas persoas: impulsándoas a accións solidarias a pé de rúa.

pdf | document generated
automatically from [https://
dev.opusdei.org/gl-es/article/na-festa-
do-beato-alvaro-o-menu-o-pos-ti/](https://dev.opusdei.org/gl-es/article/na-festa-do-beato-alvaro-o-menu-o-pos-ti/)
(11-08-2025)